PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/12/2024 13:59:31
Nº Rexistro: 4357
Data envio: 18/12/2024 13:59:31.849

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de decembro de 2024 adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento de Galicia

2.1. Asuntos económicos e contratación

2.1.1. Prórroga do contrato administrativo do servizo de limpeza das instalacións do Parlamento de Galicia e as súas dependencias, mobiliario e equipamento (SRI-PA-10/2021)

Examínase a proposta da xefatura do Servizo de Persoal e Réxime Interior na que se indica:

1. O contrato foi adxudicado mediante Acordo da Mesa do Parlamento de 7 de febreiro de 2022, e formalizado o 4 de marzo de 2022, entrando en vigor o día seguinte; ten unha duración de tres anos, polo tanto, una duración inicial prevista ata o 4 de marzo de 2025.

2. Con data de 16 de outubro de 2024 a empresa adxudicataria achega escrito (nº rex.13477) de "*Solicitude de modificación das condicións do contrato administrativo en base ás situación xeradas con posterioridade á firma do mesmo e que consideramos xustificativas da nosa proposta e da que se fai a continuación un resumo*".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- O contrato ten carácter administrativo e se rexe polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e en canto non estea derrogado, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

2.- Ao teor do artigo 29 da LCSP, a duración dos contratos do sector público deberase establecer tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a súa realización, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

Os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluídas as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-039tosh6X-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.- A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a determinación do seu valor estimado e, polo tanto, para a elección do procedemento de adxudicación.

Ao tenor da cláusula terceira do contrato, a duración do contrato estenderase por tres anos desde o día seguinte a súa formalización, podendo ser obxecto de prórroga polos períodos sucesivos que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis.

4.- O contrato consta do seguinte detalle:

O prezo máximo do contrato para os tres anos de duración inicial fíxase nun total *de un millón seiscentos vinte mil, douscentos trinta e catro euros e setenta e sete céntimos* (1.620.234,77 €) IVE engadido, segundo o seguinte detalle:

- Prezo do servizo:..... 1.339.037,00 €.
- IVE: ..... 281.197,77 €.
- Total:..... 1.620.234,77 €.

O prezo aboarase en cotas mensuais, segundo o servizo realizado:

- Prezo mensual do servizo: ..... 37.195,47 €.
- IVE: ..... 7.811,04 €.
- Total:..... 45.006,51 €.

A maiores o contrato contemplaba unha partida de 18.358,31 € (con IVE) anuais, destinado a tarefas de desinfección de postos de traballo, nebulizadores de determinados espazos, mantemento de equipamento específico (mamparas, dispensadores, etc), para previr situacións de exposición ao COVID-19. Incluíndo a previsión de que a Administración parlamentaria poderá determinar o seu remate, en función da situación sanitaria xeral e das directrices das autoridades sanitarias, e do seu Protocolo de Actuación.

Segundo a cláusula segunda do contrato, o prezo non pode ser obxecto de revisión, polo tanto no caso de prórroga, o prezo seguirá sendo o mesmo.

5.- Con relación ó reforzo polo COVID, que se detalla no apartado anterior, cabe indicar que na actualidade as necesidades do mesmo decaeron, pois a situación en canto a incidencia do COVID non precisa de continuar mantendo esta medida adicional. O prezo relativo ao reforzo, vén executándose de modo semestral, informándose a principios de xuño e de decembro, de terse prestado nos seis meses anteriores. O importe anual fixouse en 15.172,16 € (máis IVE), o que supón un importe mensual de 1.264,35 € (máis IVE do 21%), facendo un total por mes de 1.529,86 €.

6.- A modificación do edificio, con relación a novos accesos, supón un incremento importante de superficies de cristais (en case 100 m2), novos vestiarios e aseos, e ampliación da entrada e recepción, con escaleira de acceso e ascensor con cristais, feito que supón unha modificación importante sobre as características do contratación actual, para o que resulta preciso

CSV: REXISTRO-039tosh6X-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/12/2024 13:59:31
Nº Rexistro: 4357
Data envio: 18/12/2024 13:59:31.849

PARLAMENTO DE GALICIA

programar novas frecuencias de limpeza e incrementar o persoal operario especialista cristaleiro/a.

Por conseguinte, dada esta modificación no edificio que altera de modo considerable as condicións contractuais establecidas, resulta preciso a tramitación dun novo procedemento para a contratación dos servizos de limpeza axustadas ás novas necesidades.

Por este motivo, a Mesa do Parlamento de Galicia Acordou con data de 18 de novembro de 2024, iniciar o procedemento de contratación, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta nova contratación.

Dado que a tramitación de todo o expediente, dende o inicio ata a data de formalización está suxeito a uns prazos taxados pola normativa vixente de contratación, resulta preciso estender un período de prórroga dun mes dende o vencemento do contrato o día 4 de marzo de 2025, tempo necesario para que non se interrompan as necesidades previstas para esta prestación de servizo.

7. Consta no expediente certificados, nesta data, de estar ao corrente de débedas tributarias coa Axencia Estatal e coa Axencia Tributaria de Galicia, e de débedas coa Seguridade Social.

Dado que na prestación obxecto do contrato seguen vixentes as necesidades que se pretendían cubrir co contrato, e polo tanto, as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, o Servizo de Persoal e Réxime Interior propón autorizar a prórroga do contrato.

Visto o informe favorable emitido pola letrada respecto da prórroga, e fiscalizado de conformidade o expediente pola intervención da Cámara considerando que se trata dunha prestación imputable ao exercicio de 2025 e que conta con crédito na partida orzamentaria correspondente, á Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º) Prorrogar o contrato para o servizo de limpeza das instalacións do Parlamento de Galicia e as súas dependencias, mobiliario e equipamento, adxudicado a Limpiezas Salgado, S.L, por un mes, ata o 4 de abril de 2025, inclusive, cun prezo mensual do servizo de 45.006,51€ (IVE incluído).

2º) Notificarlle este acordo á empresa.

3º) Comunicarlle este acordo aos Servizos de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

4º) Publicar o acordo no perfil do contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2024

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=u.sarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.12.18 13:59:09 +01'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-039tosh6X-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/12/2024 13:59:31
Nº Rexistro: 4357
Data envio: 18/12/2024 13:59:31.849

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 18/12/2024 13:59:09

CSV: REXISTRO-039tosh6X-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/